

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE MARZO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/44/2015.- ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza para a rehabilitación do edificio con destino a centro de acollida de peregrinos sito na rúa Carretas nº 33.

PARCELACIÓNS/AGRUPACIÓNS/SEGREGACIÓNS.-

LIC/1918/2015.- MANUEL JOSÉ MARTINEZ PEREZ.- Autorizar a parcelación solicitada dunha parcela incluída no ámbito da finca nº 575 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Miguel dos Agros, lugar de Rebordaos nº 31.

LIC/1401/2015.- JAIME MOUZO OLIVEIRA.- Autorizar a agrupación de dúas parcelas sitas na rúa de Vidán nº 19.

LIC/1145/2015.- MARINA PENA PALLAS.- Autorizar a segregación e parcelación da parcela nº dous mil trescentos setenta e un sita na zona de Concentración Parcelaria de Sabugueira – Carballal.

LIC/1879/2015.- MANUELA RIAL BOTANA.- Autorizar a parcelación da parcela descrita como finca nº 736 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria da Zona de San Miguel dos Agros.

LIC/1757/2015.- JESÚS SEOANE FONTOA.- Autorizar a parcelación dunha parcela sita no lugar de Eixo de Arriba nº 48

LIC/1451/2015.- MANUEL ALDREY NIEVES.- Autorizar a parcelación e segregación dunha parcela sita no lugar de Fornas, Aríns.

LIC/1756/2015.- ENRIQUE DIÉGUEZ GARCÍA.- Autorizar a parcelación relativa á finca nº 195 do Plano de Concentración Parcelaria de César – Barciela, sita en Estrada N-550 de Santiago á Barcia, en Fonte Torno (Barciela).

LIC/298/2016.- JESÚS GARABAL LÓPEZ.- Autorizar a segregación da parcela nº 321 do plano de concentración parcelaria de Sabugueira – Carballal.

LIC/272/2016.- JULIO VÁZQUEZ MEJUTO, representado por don Francisco Javier Bellett García.- Autorizar a agregación e posterior segregación e parcelación de dúas parcelas: unha descrita como parcela 328 do polígono 10 do plano de concentración parcelaria de Santa Eulalia de Bando, Agra de Uzal e outra sinalada como a parcela 23 do polígono 18 sita no nº 5 do lugar de Bando de Arriba, en zona excluída da concentración parcelaria.

LIC/228/2016.- JOSÉ FONTÁNS SEÑARIS.- Autorizar a segregación de parte da parcela 636 do plano de concentración parcelaria de Santa María de Villestro.

LIC/103/2015.- MANUEL OTERO CAROLLO E MARIA JOSÉ OTERO CAROLLO.- Autorizar a segregación e posterior agregación simultánea dunha parcela sita no lugar de Piñeiro – parroquia de Enfesta.

RECTIFICACION DE ACORDO.-

LIC/331/2015.- CARMEN MATO REY.- Acordar a rectificación do acordo tomado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2016 polo que se acorda autorizar a parcelación dunha parcela sita na rúa dos Príncipes 64 – Villestro

REVISION DE OFICIO.-

LIC/1914/2011.- MARÍA VIEITES FRAGA.- Non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de agosto de 2013, de legalización de edificación entre medianeiras na rúa Tras da Costa de Santa Isabel nº 7.

PRÓRROGA.-

Lic/123/2016.- MARÍA DEL CARMEN PEDROUSO PUGA.- Conceder a prórroga solicitada para inicio das obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en rúa de Angrois nº 69.

- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de cesión de contrato de xestión en réxime de concesión administrativa, do aparcamento subterráneo público da Choupana no Polígono 2 do SUP-5 de Santiago de Compostela.- UTE INTERPARKING HISPANIA SL.-VIAS Y CONSTRUCCIONES SA. Apróbase a proposta.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á reversión do inmovible denominado "MATADOIRO VELLO" ao Concello en relación ás subsanacións requiridas pola Intervención. Apróbase a proposta.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación do edificio con destino a centro de acollida de peregrinos sito na rúa Carretas, nº 33. (LIC/44/2015). Apróbase a proposta.
- 5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de parcelación dunha parcela incluída no ámbito da finca nº 575 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Miguel dos Agros, lugar de Rebordaos, nº 31. (LIC/1918/2015). Apróbase a proposta.
- 6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de agrupación de dúas parcelas sitas na rúa de Vidán nº 19. (LIC/1401/2015). Apróbase a proposta.
- 7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de segregación e parcelación de parcela nº dous mil trescentos setenta e un sita na zona de Concentración Parcelaria de Sabugueira-Carballal. (LIC/1145/2015). Apróbase a proposta.
- 8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de parcelación da parcela descrita como finca nº 736 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria da Zona de San Miguel dos Agros. (LIC/1879/2015). Apróbase a proposta.
- 9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de parcelación dunha parcela sita no lugar de Eixo de Arriba, nº 48. (LIC/1757/2015). Apróbase a proposta.
- 10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de parcelación e segregación dunha parcela sita no lugar de Fornas, Aríns. (LIC/1451/2015). Apróbase a proposta.
- 11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de parcelación relativa á finca nº 195 do Plano de Concentración Parcelaria de César-Barciela, sita en Estrada N-550 de Santiago á Barcia, en Fonte Torno (Barciela). (LIC/1756/2015). Apróbase a proposta.
- 12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de segregación da parcela nº 321 do plano de Concentración Parcelaria de Sabugueira-Carballal. (LIC/298/2016). Apróbase a proposta.
- 13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de segregación e posterior segregación e parcelación de dúas parcelas, unha descrita como parcela 328 do polígono 10 do plano de concentración parcelaria de Santa Eulalia de Bando, Agra de Uzal e outra sinalada como a parcela 23 do polígono 18 sita no nº 5 do lugar de Bando de Arriba, en zona excluída de concentración parcelaria. (LIC/272/2016). Apróbase a proposta.
- 14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de segregación de parte da parcela 636 do plano de concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro. (LIC/228/2016). Apróbase a proposta.
- 15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de segregación e posterior agregación simultánea dunha parcela sita no lugar de Piñeiro-parroquia de Enfesta. (LIC/103/2015). Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación do acordo tomado pola Xunta de Goberno Local de data 22.1.16, polo que se acorda autorizar a parcelación dunha parcela sita na rúa dos Príncipes, 64-Villestro. (LIC/331/2015). Apróbase a proposta.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 22.8.13, de legalización de edificación entre medianeiras na rúa Tras da Costa de Santa Isabel, nº 7. (LIC/1914/2011). Apróbase a proposta.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga para inicio das obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en rúa de Angrois, nº 69. (LIC/123/2016). Apróbase a proposta.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a rexeitamento do recurso de reposición interposto por D.MANUEL GINARTE CABADA contra o acordo da Xunta de Goberno de 22.1.16, sobre execución da sentenza do TSXG nº 727/2014 e do Auto do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 no procedemento de execución definitiva EJD 51/2015 (P.O. 564/2011). Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á designación de coordinador municipal en diversas obras. Apróbase a proposta.

21.- Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para dar conta dos acordos da comisión bilateral de 27.10.15, relativos ás áreas de rexeneración urbana dos polígonos de Vista Alegre, Grupos de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios do barrio da Pontepedriña e do Casco Histórico de Santiago. Apróbase a proposta.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da cesión de praza de aparcamento. Apróbase a proposta.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aportación de terreos para construción da escola infantil no concello de Santiago, e aspectos relacionados (Convenio de colaboración). Apróbase a cesión, ao ente autonómico competente, dunha parte segregada dunha parcela de titularidade municipal no SUNP-13 do Castiñeiriño, cunha extensión de 3.255,63 m2, para a construción dunha escola infantil autonómica. De acordo co convenio asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fundación Amancio Ortega, a escola infantil terá cando menos 6 unidades e 80 prazas. As obras de construción deberán comezar nun prazo de seis meses dende a obtención das licenzas necesarias, e deberán estar rematadas no prazo dun ano desde o inicio das obras. En todo caso, a escola deberá estar rematada o 30 de marzo de 2018, para entrar en funcionamento en setembro de 2018.

24.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á adxudicación definitiva de autorizacións de venda ambulante no Mercado de Salgueiriños. Apróbase a adxudicación definitiva de autorizacións de venda ambulante no Mercado de Salgueiriños para os seguintes postos:

- 1 pulpería ou elaboración de comida rápida
- 2 churrerías
- 3 postos de produtos hortofrutícolas
- 8 postos de xamóns, embutidos e salazóns
- 1 posto de artesanía
- 4 postos de téxtil e calzado

25.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á solicitude de financiamento para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2016. Acórdase a aprobación da solicitude de financiamento para Servizos Sociais comunitarios básicos por unha contía de 1.023.001,80 euros, sobre un orzamento total de 1.927.832,78 euros. De concederse, tería unha achega municipal de 904.830,98 euros, o que supón o 46,9% do orzamento total do proxecto.

26.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á solicitude de financiamento para a implementación do proxecto "Green4Hope", ao abeiro da convocatoria "Urban Innovative Actions" (Accións Urbanas Innovadoras). Acórdase que o Concello de Santiago participe na convocatoria Urban Innovative Actions co proxecto GREEN4HOPE, que tería un orzamento total de 6.209.820,74 euros e para o que se solicita unha subvención FEDER de 4.967.858,59 euros (o 80% do total). De ser aprobado o proxecto, a achega máxima do Concello sería de 789.102,37 euros.

27.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza do contrato de "Subministro de mobiliario e equipamento para as dependencias da Policía Local". Apróbase a proposta.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Políticas Sociais para o plan concertado de servizos sociais comunitarios específicos: escolas infantís municipais ano 2016. Acórdase iniciar a tramitación do expediente de solicitude de financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o ano 2016. Solicítase unha achega de 369.2789,56 euros, sobre un orzamento total de 738.559,12 euros e cunha achega municipal de 369.279,56 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, con competencias en centros Socioculturais, relativa á solicitude dunha subvención á Deputación para o sostemento do CSC do Ensanche ano 2016. Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, por un importe máximo de 125.000 euros, que equivale ao 69,4 % do total de orzamento de gasto do centro (180.000 euros)

30.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, con competencias en Centros Socioculturais, relativa á aprobación da participación do concello de Santiago de Compostela no proxecto "Urban Green Labs" no marco do Urban III 2015-2018. Acórdase a participación do Concello no proxecto "Urban Green Labs", un programa de intercambio e aprendizaxe europeo para promover o desenvolvemento urbano sostible. O proxecto conta cun orzamento total de 69.495,8 euros para o período 2016-2018, do que o 70 % sería aportado por fondos europeos.

31.- Propostas da alcaldía e do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a nomeamento de altos cargos. Apróbase o nomeamento de Ignacio Cerrada Gonzalo como Director da área técnica de desenvolvemento urbano e sostible.

URXENCIAS

1.-Rexeitar a solicitude de devolución do aval constituído por BREA HERVÉS S.L., para responder das obrigas urbanísticas do SUNP-35, correspondentes ás parcelas 276-278 e 279.

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación de solicitude de participación do Concello de Santiago no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación da Coruña. Acórdase solicitar a aplicación do préstamo provincial por un importe total de 494.403,29 euros.